MARTES **28 XANEIRO** 2020 • ANO VII – Nº 212 • Correo – liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

D.E.P. MAMBA




# Líder BASKET




ENSINO LUGO 78 — CB Ría de RIBADEO 87

**17**

Triplas asinou o Ribadeo derbi ante Ensino. 9 de Cristian, 4 de Iker, 2 de Darío...

# FRANCOTIRADORES MARIÑAOS

**CB Ría de Ribadeo impúxose a Ensino no derbi provincial da xornada na Liga Galega cadete.**

Os de Sama bombardearon aos capitalinos dende máis aló da liña de 6,75, anotando ata 17 triplas ao longo dos 40 minutos de encontro. Nove foron obra de Cristian, catro de Iker, dous de Darío e unha converteron Anxo e Joaquín

**LIGA GALEGA INFANTIL FEMININA**



## Moito ánimo, Sara !!!

O baloncesto lucense e galego volcouse en mostras de apoio á xogadora de Estudiantes, Sara González, que tras reaparecer a pasada xornada logo de superar unha doenza de xeonllo, volveu caer lesionada esta fin de semana durante o encontro que media ás celestes con Rosalía, que foi suspendido nese mesmo instante.
A calidade como xogadora, pero sobre todo o sorriso de Sara nas pistas de baloncesto, volverá e farao con máis forza. Mentres, moito ánimo e ata pronto.

**LIGA GALEGA CADETE**

58 — 51

## Estudiantes puxo fin á xeira triunfal de Peleteiro antes do derbi capitalino



Un dos partidos máis atractivos da xornada mediu a primeiro contra segundo da Liga Galega cadete feminina. As compostelás presentáronse en Lugo con pleno de vitorias, coa monfortina Carmen Suárez ao mando das operacións. Pero a xeira de triunfos rematou no Anexo trala vitoria celeste, chegando as de Fernán Varela eufóricas á próxima cita, que será ante o Ensino

# O Ensino encheu o depósito

**O CONXUNTO DE JUAN NÉCEGA** gañou en sensacións e confianza antes de visitar a Rosalía na próxima xornada, nun encontro que pode marcar o treito final da Liga regular do conxunto lucense


Maite desbordando a unha defensa de Carmelitas


Catuxa gañando a liña de fondo ante unha rival

| ENSINO 93 | | CARMELITAS 32 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Laura | 4 | Fabello | |
| Matea | 15 | Durán | |
| Natalia | 6 | Pena | |
| Eva | 16 | Rodriguez | |
| Alba | 13 | Mugueruza | |
| Carmen | 4 | Pena | |
| Natalia | 4 | Fernández | |
| Elena | 10 | Khoule | |
| Catuxa | | Tourón | |
| Paula | 13 | | |
| Any | | | |
| Maite | 8 | | |

O Durán Maquinaria Ensino cargou ao máximo o depósito da confianza no encontro que lle mediu con Carmelitas no Anexo. Un partido no que as de Juan Nécega non concederon opcións cunha intensa defensa e con verticalidade e acerto en ataque.

O 23-10 co que finalizou o primeiro cuarto xa puxo o encontro de cara, pero co paso dos minutos o Ensino mantivo o listón de esixencia e o acerto en ataque para chegar ao descanso cun claro e contundente 44-19.

Xa na segunda parte as rotacións do Ensino mantiveron a dinámica, e con iso todas as xogadoras disputaron minutos de calidade e gañaron en confianza de cara aos próximos encontros, ao mesmo tempo que sentenciaban este con moita autoridade como reflicte o 93-32 final.

> **“BUEN TRABAJO DE LAS CHICAS. ESTE PARTIDO NOS VENDRÁ BIEN PARA SEGUIR TRABAJANDO EN LA MISMA LÍNEA QUE LO ESTAMOS HACIENDO”**
> JUAN NÉCEGA - Ensino

### Instituto Rosalía

O Ensino viaxa a próxima xornada a Santiago de Compostela, onde se medirá cun rival que conta con dúas derrotas máis que as lucenses. Unha vitoria do Ensino aclararía bastante o panorama no alto da clasificación, deixando ás de Juan Nécega con pé e medio nos play off para así poder empezar a fixar o obxectivo en ser cabeza de serie .


Natalia encarando con decisión a zona rival


Matea a piques de lanzar a canastra ante dúas rivais

# Estudiantes colle impulso tras salvar un match ball

**VITORIA E BASKET-AVERAGE** ante un rival directo polos play off como é Rosalía, conxunto co que empatan a triunfos na clasificación

| ESTUDIANTES 73 | | ROSALÍA 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Eva | | Seoane | |
| Maria | | Penedo | |
| Sabela | | Golpe | |
| Yashina | | López | |
| Marta | | Hermo | |
| Silvia | | Raya | |
| Claudia | | Rodríguez | |
| Cristina | | Garcia | |
| Nuria | | Rosende | |
| Laura | | Liste | |
| Carla | | Castro | |
| | | Riveiro | |

Se un equipo sae reforzado desta xornada do atasco que hai nas primeiras prazas da Liga Galega júnior feminina, ese é Estudiantes. O conxunto que dirixe Fernán Varela salvou un match ball ao grande, xa que ademais de gañar fíxoo por 7 puntos, tras perder no partido de ida por 5, 60-55.

A vitoria e o basket-average fan que Estudiantes encare o tramo final de Liga coas espadas en todo o alto para subirse ao carro duns play off que están máis caros que nunca na Liga Galega júnior feminina.

O conxunto celeste asinou un partido moi serio ante un gran rival, suscitando situacións distintas para paliar as ausencias. As lucenses sempre foron por diante no marcador, pero cada vez que se empezaban a escapar, a resposta das composteIás comprimía de novo un partido disputado de porder a poder ao longo dos corenta minutos.

13-12 no primeiro cuarto e 17-19 no segundo para chegar ao descanso cun axustado 30-31 no marcador.

Con todo por decidir na segunda parte, Estudiantes impúxose no terceiro parcial 23-21 e chegou aos últimos dez minutos cun punto por riba, 51-50.

Na hora da verdade, nos últimos dez minutos e con igualdade no marcador, Estudiantes xogou un bo baloncesto, e coa cabeza fría, as ideas claras e con acerto na toma de decisións tomaron vantaxe no marcador, chegando á recta final na que descolgaron a Rosalía, impoñendose no marcador final e tamén recuperando o basket-average particular por dous puntos.

> **“VICTORIA QUE NOS ACERCA AL OBJETIVO QUE NOS PODEMOS MARCAR A NIVEL CLASIFICATORIO. TODO EL ÁNIMO DEL MUNDO PARA SARA GONZÁLEZ”** FERNÁN VARELA - Estudiantes


Yashina tras capturar un rebote ofensivo no Anexo


Laura protexendo a posesión ante a presión dunha rival


Nuria adentrándose na pintura nunha xogada de ataque



O celeste Carlos adentrándose na pintura no Pazo



Cabe encarando a dous xogadores de Bosco Salesianos



Pedro subindo o balón ante unha intensa defensa rival

# Coa regularidade celeste por bandeira

**ESTUDIANTES** venceu e convenceu nun encontro moi regular ao longo dos corenta minutos de xogo para impoñerse a Bosco no Pazo

| ESTUDIANTES 92 | | BOSCO 64 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Mikel | | Rey | |
| Anxo | | Álvarez | |
| Álvaro | | Vázquez | |
| Dani | | Pereira | |
| Cabe | | Villar | |
| Jorge | | Brea | |
| Diego | | Fortes | |
| Lucas | | León | |
| Adri | | Montero | |
| Carlos | | Sánchez | |
| Pedro | | De Coo | |

**"ESTE PARTIDO NOS PERMITE SEGUIR CRECIENDO COMO GRUPO DE CARA AL FINAL DE TEMPORADA"**
PABLO ABUÍN - Estudiantes

Estudiantes cumpriu co guión previsto ante Bosco Salesianos no Anexo, pero fíxoo cunha suficiencia e implicación ata maior da esperada.

Desde a posta en escena os celestes deixaron claro ao seu rival cal sería o listón de esixencia, con intensidade defensiva e boa lectura do xogo en ataque, tanto en rápidas transicións como en estático.

Todo iso viuse reflectido no marcador cun primeiro parcial de 26-13. Lonxe de acomodarse, Estudiantes apelou á regularidade no seu xogo e as rotacións mantiveron a intensidade en todo momento para chegar ao descanso con 54-29 no marcador.

A distancia aínda se ampliou máis ao comezo da segunda parte, pero un bo parcial de Bosco nos minutos finais do terceiro cuarto maquillou un pouco a diferenza antes dos últimos dez minutos, nos que Estudiantes volveu dominar con autoridade para terminar o encontro con moi boas sensacións de cara ás próximas citas na Liga Galega júnior masculina.



Pablo Abuín dando instruccións aos seus xogadores



Lucas lanzando a canastra ante a oposición dun rival

# O Durán Maquinaria púxose o mono de traballo en Ourense

**VITORIA DE MÉRITO** dun Ensino que mostrou moito carácter por parte de todos os xogadores e que, con acerto dende o tiro libre, desnivelou o marcador no treito final

**9**

**VITORIAS PARA O ENSINO** e 4 derrotas no que vai de tempada. Os de Adrián González aséntanse en postos de play off con cinco vitorias de marxe co equipo que marca os postos de acceso a falta de tan só 7 xornadas para rematar a Liga regular

| B. AMOR 64 | | ENSINO 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Areal | | Eloy | 3 |
| Fernandes | | Mario | 5 |
| Pascual | | Antón Real | 2 |
| García | | Cristian | 18 |
| C. Nieto | | Hugo Rey | 10 |
| J. Nieto | | Sergio | |
| Sas | | Jorge | 5 |
| González | | Olloqui | 17 |
| Padrón | | Dani López | |
| Prieto | | Seny | 5 |
| Diéguez | | Tshunza | 1 |
| Gerpe | | | |



Olloqui penetrando a canastra entre dous defensas de Blanco Amor na primeira volta

**"DEMOSTRAMOS QUE TAMBIÉN SABEMOS IR A LA LUCHA. GRAN TRABAJO DE TODOS LOS JUGADORES A LO LARGO DEL ENCUENTRO"**
ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

O Durán Maquinaria Ensino saíu airoso de Ourense tras impoñerse na sempre complicada pista de Blanco Amor e colle tres vitorias de marxe co sexto clasificado, poñendo un pé nos play off a falta de sete xornadas para terminar a Liga regular.

Conscientes de que Blanco Amor poñería as cousas difíciles e o partido duro, o Ensino saltou á pista con moita intensidade nos primeiros minutos, nos que conseguiu un parcial a favor de 19-25, mentres que no segundo cuarto os lucenses pasaron polos seus peores momentos ao querer pechar o cuarto con demasiada ansiedade, encaixando un parcial de 21-11 que deixaba o marcador en 40-36 ao descanso.

Ensino tivo claro que o partido gañábase desde a defensa e loitando por cada balón, e fixeron ambas cousas.

A actividade defensiva deixou a Blanco Amor en 24 puntos na segunda parte, mentres que a entrega por cada balón guiou a Ensino ata a remontada, na que foi determinante o acerto lucense desde a liña de persoal nos minutos finais. Sobre todo ao cargar ben o rebote ofensivo ante as baixas porcentaxes de acerto.

Con esta vitoria o Durán Maquinaria Ensino aséntase en postos de play off, con 9 vitorias e 4 derrotas, mentres que o corte dos cinco primeiros márcao Sigaltec con 6 vitorias e 6 derrotas cando tan só restan 7 xornadas por disputar.

**Próxima xornada**

Ensino recibe no Anexo a un Sigaltec que na primeira volta vendeu cara a derrota en Vilagarcía de Arousa, tras caer co Durán Maquinaria por un axustado 63-71.

**18**

**PUNTOS DE CRISTIAN,** que foi o máximo anotador do encontro seguido de cerca por Olloqui, que asinou 17, mentres que Hugo Rey tamén rematou en dobres díxitos



María coa pelota ante a monfortina Carmén Suárez



Enma logo de superar nun un para un a unha rival



Marta Fernández nunha acción de contraataque

# Estudiantes tomba ao líder

**PELETEIRO CHEGOU AO ANEXO INVICTO,** pero as lucenses, nunha exhibición de dureza mental e bo baloncesto nos peores momentos, impuxéronse con total xustiza

| ESTUDIANTES 58 | | PELETEIRO 51 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Lían | | Filgueiras | |
| Iría | | Mújico | |
| Célia | | Sanmartín | |
| Candela | | Moure | |
| Enma | | Martínez | |
| María | | Rivas | |
| Marta F. | | Vidal | |
| Claudia | | Suárez | |
| Laura | | Fidalgo | |
| Carla | | Rodríguez | |
| Marta R. | | Pardo | |
| | | Ábalo | |

**"ES UNA VICTORIA QUE REFUERZA EL GRAN TRABAJO QUE REALIZAN LAS NIÑAS. TODO EL ÁNIMO DEL MUNDO A SARA GONZÁLEZ"**

FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma

Estudiantes conseguiu o que ninguén lograra esta tempada, impoñerse a un Peleteiro que se presentou no Anexo con pleno de vitorias, pero que saíu de Lugo cunha derrota.

Esperábase un duelo intenso e estivo á altura das expectativas, cada equipo explotando as súas armas pero con Estudiantes moito máis intenso desde os primeiros minutos, incluso sorprendendo a un Peleteiro incómodo sobre a pista desde o inicio pola intensidade celeste.

As capitalinas lograban unha renda de catro puntos no primeiro cuarto, 18-14, e pese a que Peleteiro subiu o nivel, atopouse cunha firme resposta de Estudiantes para chegar ao descanso por diante, 29-24.

Ao comezo da segunda parte as compostelás puxeron toda a artillería pesada en pista tras reservar no tramo final da primeira parte á súa xogadora máis alta, cargada con dúas faltas persoais. Pero aínda así Estudiantes non se enrrugou e ampliou a renda de cara aos últimos dez minutos, 46-38.

Nos peores momentos do partido Estudiantes deu unha exhibición de pundonor e dureza mental. Soubo xogar o baloncesto que requiría cada momento, ata cando Peleteiro botou o resto en busca da remontada, colocándose a dous puntos mediado o último cuarto.

Lonxe de poñerse nerviosas, as lucenses sorprenderon con claridade de ideas e acerto para chegar ata ao desenlace final do encontro con certa tranquilidade.

Agora, na próxima xornada, unha vitoria celeste no derbi ante Ensino daríalles a clasificación matemática para a segunda fase.

## A unha vitoria da clasificación

**ESTUDIANTES,** se gaña na próxima xornada, terá billete para o Galego

| ESTUDIANTES 69 | | CULLEREDO 48 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Andrés | 4 | García | |
| Mikel | 12 | Seoane | |
| Simón | 9 | Cuadrado | |
| Álvaro | 22 | Iglésias | |
| Dani | 8 | López | |
| Óscar | 4 | Rodríguez | |
| Lucas | | Lorenzo | |
| Cristian | 5 | Quiles | |
| Rafa | 1 | Ferrer | |
| Germán | 4 | Gayoso | |
| Brais | | Abeal | |

**"SEGUIMOS TRABAJANDO PARA CONSEGUIR SER EL MEJOR EQUIPO POSIBLE"** JAVI PEINÓ - Estudiantes



Cristian nunha transición por diante de Dani



Simón na pintura ante dous xogadores rivais

Estudiantes está a unha vitoria de ser o primeiro equipo que certifica a súa presenza no Campionato Galego cadete masculino. Tras gañar a Culleredo coa intensidade defensiva por bandeira e a derrota de San Ciprián, os de Javi Peinó son líderes en solitario. Unha vitoria en Ferrol a próxima xornada aseguraríalles unha praza entre os catro primeiros a falta de tres xornadas.

Par chegar con estas opcións a Ferrol, Estudiantes tivo que impoñerse a Culleredo nun partido marcado pola boa defensa desde os primeiros minutos, o que propiciou un máis 6 ao final do primeiro cuarto e máis 14 ao descanso. A diferenza tocou picos de 20 puntos nunha segunda parte na que Estudiantes mantivo a intensidade en todo momento para terminar asinando un partido moi completo para alzarse co liderado en solitario.

## Excesivos factores en contra

**SAN CIPRIÁN CAEU EN FERROL** castigado polas decisións arbitrais

| B. FERROL 74 | | SAN CIPRIÁN 62 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Ferreira | | Miguel | |
| Martínez | | Manu | 2 |
| Bellas | | Carlos | 5 |
| Gómez | | Marcos | 11 |
| Ojea | | Manuel | 5 |
| Castro | | Diego | 8 |
| Franco | | Mario | 6 |
| Romero | | Hugo | 25 |
| Lamas | | Dani | |

**"CON UN ARBITRAJE TAN CASERO COMO EL QUE SUFRIMOS ES IMPOSIBLE PODER COMPETIR POR LA VICTORIA AL FINAL DEL ENCUENTRO"**

MANOLO COBAS - Suministros Carreiras San Ciprián



Manolo Cobas dando instrucións aos seus xogadores

Segunda derrota da tempada para un San Ciprián que se mantén segundo e con pé e medio na segunda fase da Liga Galega cadete.

Os de Manolo Cobas tiveron en Ferrol demasiados factores en contra como para loitar pola vitoria. O primeiro, a ausencia por lesión de Antón, e o segundo e máis determinante a arbitraxe que sufriron desde os primeiros minutos, permisivo cos ferroláns e moi estrito cos mariñaos. Todo iso sacou do encontro a San Ciprián nunha primeira parte que terminou con 39- 27 no marcador logo de ir perdendo por rendas de 20 puntos.

No descanso Manolo Cobas intentou baixar as pulsacións do seu equipo e, centrados no seu xogo, San Ciprián saltou á pista coas ideas claras e en tan só dous minutos púxose a 9 de vantaxe e con posesión.

Os nervios apoderáronse dos locais e o seu adestrador solicitou un tempo morto tralo que Manolo Covas pediu unha falta sobre Hugo e o árbitro non dubidou en sinalarlle a segunda técnica coa que foi expulsado do encontro.

Sen adestrador no banquiño, o San Ciprián volveuse ir do partido e volveron as rendas de 20 puntos. Con todo, cando peor pintaban as cousas, os mariñaos enchufáronse de novo e deixaron a diferenza en tan só 12 puntos tras un partido con demasiados factores en contra como para loitar pola vitoria.


Sama dando instuccións aos seus xogadores antes de comenzar o encontro disputado o pasado sábado pola tarde no Anexo

# Bombardeo mariñao para asaltar o derbi Provincial

## 17 TRIPLAS DO RÍA DE RIBADEO puxeron fin á resistencia do Ensino e manteñen aos de Sama na loita por entrar no corte dos catro primeiros clasificados

| ENSINO 78 | | RIBADEO 87 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Samuel | 2 | Iker | 17 |
| Durán | 13 | Anxo | 7 |
| Ruano | 11 | Cristian | 33 |
| Martínez | | Dario | 16 |
| Carreira | 7 | Joaquín | 3 |
| Garabito | 17 | Dani | |
| Juan Bao | 5 | Manu | 11 |
| Iago | | Simón | |
| Joel | 6 | | |
| Seny | | | |
| Tchunza | 6 | | |

Se o partido de ida entre Ribadeo e Ensino xa fora unha oda ao baloncesto, sobre todo ao esforzo nun partido no que os de Sama impuxéronse na prórroga, o encontro de volta non foi menos.

Ribadeo volveu gañar, esta vez cun asedio desde a liña de 6,75 ao meter ata 17 triplos ao longo do encontro, o que pode supoñer un récord histórico na competición.

O Ría de Ribadeo, consciente de que o xogo interior de Ensino é moi superior e que na pintura levarían as de perder, xogou as súas cartas ao tiro exterior, acompañándolles un acerto fóra do normal para levar en todo momento a iniciativa no marcador ante a desesperación local durante moitas fases, nas que, pese a xogar un bo baloncesto, víase incapaz de frear o bombardeo rival desde máis aló da liña de 6,75.

**"FELICITO A MIS JUGADORES POR SU TRABAJO DURANTE LOS CUARENTA MINUTOS DE JUEGO, ESTE ES UN CAMINO MUY LARGO"**
ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

Ao descanso chegouse con 35-43 no marcador e Ensino saltou á pista na segunda parte coas ideas claras para recortar distancias, e fixoo, pero acto seguido Ribadeo volveu enchufar triplos coa mesmo soltura que se anotan bandexas en transicións.

**"MERECIDÍSIMO TRIUNFO DEL EQUIPO, QUE SUPO MANTENER LA INTENSIDAD A LO LARGO DEL PARTIDO ANTE UN GRAN RIVAL"**
SAMA - Ría de Ribadeo

**9**

**TRIPLAS DE CRISTIAN,** xogador co que aínda teñen pesadelos os capitalinos. Iker asinou catro, dous foron de Dario e un para Anxo e Joaquín no recital mariñao dende máis aló da liña de 6,75

Ao final, Ribadeo chegou con confianza aos minutos finais nos que Ensino non deixou de loitar pola remontada, pero neste encontro, para derrotar aos mariñaos, habería que cambiar as normas de xogo e anotación.

Na próxima xornada Ensino mídese con Basquet Coruña a domicilio e o Ría de Ribadeo recibe ao San Ciprián nun novo derbi.


Cristian, autor de 9 triplas, encarando a Joel


Ruano penetrando con decisión ante Cristian


Carreira gañando a liña de fondo ante Anexo



Joel encarando a Iker ante a mirada de Anxo



Garabito, autor de 17 puntos, a piques de lanzar

# O Ensino afinou a posta a punto antes de medirse co Estudiantes

## VITORIA en Culleredo previa a un novo derbi capitalino con moito en xogo

| CULLEREDO 49 | | ENSINO 68 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Botana | | Silvia | |
| Sánchez | | Eva | 33 |
| Fernández | | Carla Paz | |
| Rivas | | Carla Glez. | |
| López | | Paula | 22 |
| Piñeiro | | Enma | |
| Manzanal | | Sabela | 2 |
| Pose | | Sara | |
| Romero | | Leyre | |
| González | | Lorena | |
| | | Carolina | |
| | | Lucía | 11 |

**"TRABAJO EN EQUIPO PARA SUMAR OTRA VICTORIA Y SEGUIR ENTRENANDO DURO A LO LARGO DE LA SEMANA. ESTAMOS MUY CONTENTOS CON LA ACTITUD DE CADA UNA DE LAS JUGADORAS"**
DAVID MARTÍNEZ / AIGOR ROMO
Cafés Candelas Ensino

O Ensino foi de menos a máis para terminar impoñéndose con suficiencia en Culleredo e chegar con boas sensacións ao derbi da próxima xornada ante Estudiantes.

A posta en escena foi algo fría por parte das lucenses, concedendo demasiado en defensa nun primeiro cuarto de intercambio de canastras que finalizou con 13-18.

Nos segundos dez minutos Ensino deu un paso á fronte, non concedeu tiros liberados e dominou o rebote en ambas pinturas, anotando en segundas opcións tras mover o balón con criterio. Unha canastra de Lucía Moreno no último segundo levou a diferenza ao descanso ata os 14 puntos, máxima vantaxe ata entón.

Unha vez máis, a Ensino custoulle volver meterse en dinámica de partido tralo descanso, obrigando a David e Aigor a solicitar un tempo morto co que o equipo reaccionou ata volver atopar sensacións ao final do terceiro cuarto.

Culleredo botou o resto en busca da remontada, chegándose a poñer a nove puntos mediado o último cuarto, pero Ensino apelou á calma e cun triplo e un par de canastras tras roubos, sentenciou definitivamente o encontro.

# Maristas reencontrouse coa vitoria ante Montrove

**JULIÁN GUIOU UNHA VEZ MÁIS AOS COLEXIAIS** pese a recibir unha defensa persoal durante gran parte do encontro. Fin á xeira de tres derrotas consecutivas

| MARISTAS | 68 | MONTROVE | 65 |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS | Xogador | PTS. |
| Mauro | | Baleato | |
| Néstor | 10 | González | |
| Miguel | 6 | Vilariño | |
| David | 3 | Gómez | |
| Gabriel | 13 | Boo | |
| Alexis | 2 | Calvo | |
| Jorge | 8 | Balea | |
| Julián | 22 | Fernández | |
| Yishak | 4 | Barbeito A. | |
| | | Barbeito B. | |


Jorge nun contraataque do conxunto colexial


Miguel na pintura entre dous xogadores rivais

Maristas volveu á senda da vitoria na Liga Galega infantil tras tres derrotas consecutivas, e fíxoo nun encontro con alternancias tanto no xogo como no marcador que non se decidiu ata o último segundo.

De inicio xa se puido comprobar que a Maristas custáballe ler ben o que pedía o encontro, e tan só Julián era capaz de ver aro rival. Isto tamén o viu o adestrador visitante, que suscitou a partir de aí unha defensa individual sobre o máximo anotador do encontro.

Ao descanso chegouse con 31-33 no marcador e Engroba iniciou o segundo tempo co quinteto inicial, dando Maristas un paso á fronte sobre todo en canto a intensidade, pero lesionouse de novo Julián mediado o terceiro cuarto, saíndo ao rescate Néstor para asumir responsabilidades en ataque. Maristas remontou e chegou ao último parcial con vantaxe. Julián volveu e anotou 5 puntos seguidos, pero un par de erros baixo o aro déronlle vida a un Montrove que tivo unha última posesión para forzar a prórroga no Anexo.

**"VOLVIMOS A GANAR, PERO TENEMOS QUE LEER MEJOR LOS PARTIDOS"**
RUBÉN ENGROGA - Maristas


Néstor, que se foi ata os dez puntos, coa pelota

# As lagoas defensivas eclipsaron o esforzo titánico do Estudiantes

**BETANZOS ENCONTROU DEMASIADAS VÍAS PARA ANOTAR** e saíu do Anexo co segundo posto, do que se caen os celestes. Serguei xogará a fase final da Minicopa

| ESTUDIANTES | 53 | BETANZOS | 67 |
|---|---|---|---|
| Xogador | PTS. | Xogador | PTS. |
| Brais | 10 | González | |
| Santi | 21 | Allegue | |
| Isma | | Agraso | |
| Pi | | López | |
| Dani | 5 | Gonza | |
| Pablo | | García | |
| Leo | 5 | Otero | |
| Bernal | | Gende | |
| Rozas | | Roel | |
| Serguei | 17 | Lameiro | |
| Mario | 1 | Medrano | |

**"PARTIDO MUY COMPLICADO, TENEMOS QUE SEGUIR TRABAJANDO PARA PODER MEJORAR"**
NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes Leyma


Diego Serguei, que estará la fase final da Minicopa

Estudiantes recibiu a Santo Domingo de Betanzos co segundo posto en xogo no Anexo. Unha posición que asaltaron os visitantes tras impoñerse por 13 puntos.

As lagoas defensivas de Estudiantes marcaron o encontro. Os lucenses concederon canastras fáciles nos primeiros minutos, 12-17, e tiveron que remar contracorrente o resto do encontro, aínda que é certo que unha vez máis os de Nico Fernández non escatimaron en esforzos.

Ao descanso o marcador era de 23-33, polo que Estudiantes apelou ao orgullo para volver meterse no partido. Con todo, pese a intentalo, nunca atoparon a solidez defensiva que os achegase no marcador ante un Betanzos que se levou a vitoria con xustiza do Anexo.

**Minicopa**

Diego Serguei volveu ser citado por Valencia Basquet para disputar a fase final da Minicopa en Malaga entre o 12 e o 16 de Febreiro.


O celeste Leo a piques de realizar un pase atrás


Pi coa pelota na pintura entre tres xogadores rivais

## O encontro entre Estudiantes e Rosalía foi suspendido trala lesión de Sara

A versión máis cruel do deporte volveuse cebar coa xogadora do Estudiantes Sara Gónzalez, que tras reaparecer a pasada xornada ao superar unha larga doenza no xeonllo, sufriu unha lesión similar na outra perna. Os dous equipos decidiron suspender o partido logo de que a xogadora abandonara as instalacións en ambulancia. Dende a redacción deste suplemento e en nome do baloncesto provicial, desexámoslle unha pronta recuperación.

## Peleteiro sorprendeu a Burela en Vista Alegre

**NUNHA PRORROGA** forzada cunha tripla sobre a bucina

| BURELA | 60 | PELETEIRO | 68 |
|---|---|---|---|
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Henar | 2 | Trias | |
| Sara | 12 | Boo | |
| Zaida | | Vidal | |
| Emma | 18 | Villarquide | |
| Laura | 2 | Estráviz | |
| Lucía | 8 | Castro | |
| Cecilia | 15 | Crecente | |
| Sabela | 3 | | |
| Paula | | | |

**"REGALAMOS UN PARTIDO QUE TENÍAMOS BIEN ENCARRILADO Y TRABAJADO. TENEMOS QUE APRENDER QUE NUNCA SE PUEDE DAR UN ENCUENTRO POR GANADO HASTA QUE FINALIZA"**
NACHO MOTA /JUANMA LÓPEZ
Academia A Mariña Burela

Peleteiro sorprendeu a Burela nun partido que as mariñás tiñan controlado con suficiencia, pero a relaxación condenounas a unha derrota inesperada.

Na primeira parte Burela xogou un bo baloncesto, con boas defensas, presionando a toda pista e dominando practicamente todas as facetas do xogo, sen rematar a faena ao ter unhas porcentaxes de acerto moi baixas, ata en bandexas sen oposición, polo que ao descanso a vantaxe era de tan só 6 puntos. Na segunda parte Peleteiro continuou con vida sen facer moito ruído, chegou con opcións á recta final e cun impresionante triplo sobre a bucina empataron o encontro. Na prórroga, as visitantes foron mellores e alzáronse cunha inesperada vitoria.



Bosco presionando a un xogador de KFC Culleredo



Rubén correndo unha rápida acción de contraataque



O celeste Diego no aire a piques de recibir un balón

# O vendaval celeste arroiou a Culleredo

**ESPECTACULAR POSTA EN ESCENA** na segunda parte, cun parcial de 20-0 co que Estudiantes puxo rumbo fixo cara a vitoria

| ESTUDIANTES 93 Xogador | PTS. | CULLEREDO 43 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Eloy | 2 | García | |
| Uxío | 22 | Fariña | |
| Bosco | 9 | Quintela | |
| Pablo | 6 | Orinalde | |
| Diego | 10 | Rodríguez | |
| Martín | 13 | Martínez | |
| Lucas | 14 | Iglesias | |
| Manu | | Roldán | |
| Varela | | Camino | |
| Samu | 10 | Fernanda | |
| Rubén | 6 | Blanco | |
| Maneiro | 1 | | |

Estudiantes asinou a súa segunda vitoria con-

> **"EL JUEGO FLUÍDO QUE DEMOSTRAMOS AYUDA A GANAR SIEMPRE"** PABLO RODRÍGUEZ - Estudiantes

secutiva na Liga Galega preinfantil masculina coa que reactiva o soño de clasificarse entre os catro primeiros ao final desta primeira fase.

Desde os primeiros minutos o xogo foi frenético con cun primeiro parcial de 19-9, pero Culleredo ensinou os dentes no segundo cuarto para recortar distancias cun parcial de 18-20 que deixaba o marcador en 37-29 ao descanso.

Ao comezo da segunda parte o vendaval celeste converteuse en furacán e cun parcial inicial de 20-0 puxo fin á resistencia de Culleredo cun xogo intenso en defensa e vertical en ataque.

Estudantes non baixou o ritmo pese a ter o partido gañado, e co paso dos minutos foi ampliando a vantaxe ata o definitivo 93-43.

**56**

**PUNTOS** na segunda parte asinou Estudiantes, encaixando tan só 14 nos segundos vinte minutos de partido



Eloy a piques de finalizar unha entrada a canastra



Javi Maneiro entre dous rivais a piques de lanzar

## Burela instálase no corte dos 4 primeiros

**VITORIA NUN DUELO DIRECTO** ante un Basket Ferrol que queda a dúas vitorias das mariñás

| B. FERROL 48 Xogadora | PTS. | CB BURELA 55 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Ferreira | | Henar | 12 |
| Abad | | Marta | 4 |
| Lata | | Candela | 23 |
| Díaz | | Sara | 6 |
| Silvent | | Laura | 9 |
| Somorrostro | | Paula | 1 |
| García | | Aroa | |
| López | | Irea | |
| Fernández | | Miarama | |
| Padín | | | |

> **"MUY CONTENTO CON EL TRABAJO Y ESFUERZO DE TODO EL EQUIPO"** CARLOS MADAR - CB Burela

Burela deu un salto de xigante para estar entre os catro primeiros clasificados ao final da primeira fase tras impoñerse a Baxi Ferrol, quinto clasificado ao que agora, ademais de sacarlle dúas vitorias, tenlle gañado o average particular.

Burela foi de menos a máis en Ferrol, cun parcial inicial de 8-2 que remontaron as de Madar para chegar ao descanso con 20-26. Xa na segunda parte a diferenza estivo practicamente sempre por encima dos dez puntos de vantaxe.



Carlos Madar dando instruccións no banquiño



Carlota, Valle, Iria e Daniela nun tempo morto no Anexo

## KO para volver ao máis alto da clasificación

**ESTUDIANTES RECUPERA O LIDERADO** tras gañar e aproveitar o descanso de Costa Ártabra

| ESCLAVAS 10 Xogadora | PTS. | ESTUDIANTES 60 Xogadora | PTS. |
|---|---|---|---|
| Becerra | | Nerea | |
| Alcorta | | Lucía | |
| García | | Marina | |
| Otero | | Eva | |
| Carabaña | | Valle | |
| Tojeiro | | Carla | |
| Martínez | | Lola | |
| Fernández | | Daniela | |
| Louro | | Alma | |
| Saenz | | Iria | |

> **"BUEN PARTIDO DE TODAS LAS JUGADORAS. SEGUIMOS TRABAJANDO"** ZAIDA IGLESIAS - Estudiantes

As celestes instálanse no máis alto da clasificación tras impoñerse con autoridade na Coruña a Esclavas e tras aproveitar a xornada de descanso de Costa Ártabra.

O encontro no Ventorrillo apenas tivo historia polo dominio e a superioridade estudiantil en todas as facetas do xogo.

A defensa celeste secou o ataque local, e tras roubos de balón o goteo de puntos en rápidas transicións mantívose ata o peche do marcador no terceiro cuarto dun encontro que empezou cun parcial inicial de 0-29 para Estudiantes.

## Celtas reina nun final de infarto en Ferrol

**PARTIDO DE PODER A PODER** no que os mariñaos lidiaron de novo cunha defensa zonal

| T. DE MOLINA 61 Xogador | PTS. | CB CELTAS 63 Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Souto | | Nacho | |
| Aguirre | | Álvaro | 25 |
| Blanco | | Alonso | |
| Carneiro | | Chris | |
| Fernández | | Nico | 17 |
| Gómez | | Darío | 2 |
| Iglesias | | Lucas | 14 |
| Pereira | | Mario | |
| Rodríguez | | Esteban | 2 |
| Taboada | | Javi | 3 |

> **"TODOS LOS JUGADORES ESTUVIERON BIEN Y COLABORARON EN LA VICTORIA FINAL, DESDE LA DEFENSA O EN EL ATAQUE, HACIENDO POSIBLEMENTE UNO DE LOS MEJORES PARTIDOS DE LA TEMPORADA"** ARMANDO - CB Celtas Foz

Celtas mantense firme no corte dos catro primeiros clasificados tras poñer fin á resistencia de Tirso de Molina nos últimos segundos de encontro.

Ata entón, a igualdade reinou nun partido disputado de poder a poder e marcado pola defensa zonal que seguen suscitando os ferroláns partido tras partido.

Celtas, como era de esperar, atascouse por momentos, e iso unido ao acerto local desde o tiro exterior mantiña a igualadade no marcador.

A segunda parte empezou con 29-31 e ao último parcial chegouse con tan só un punto de vantaxe para Celtas.

No desenlace final, os mariñaos estiveron máis acertados para terminar alzándose cunha nova vitoria coa que empatan con Tirso de Molina no terceiro posto da táboa clasificatoria

**6**

**VITORIAS PARA CELTAS** nas 9 xornadas disputadas. Os de Armando empatan con Tirso de Molina no terceiro posto e teñen dúas vitorias de marxe co quinto clasificado. Estudiantes


Juan, Maristas, adentrándose na pintura no Anexo


O celeste Pablo buscando facer un pase a un compañeiro


Javi Maneiro coa pelota ante a chegada dun rival


Guille mira o aro tras superar a presión en liña de fondo


Néstor coa pelota realizando unha entrada a canastra


Olmo nunha acción de ataque do conxunto estudiantil

# O líder invicto non deu opción a Ensino

**PESE Á SUPERIORIDADE RIVAL** as de Aigor Romo non se desconectaron e aproveitaron para mellorar ante un dos candidatos ao título

| C. ARTABRA | PTS. | ENSINO | PTS. |
|---|---|---|---|
| **63** | | **12** | |
| Xogadora | PTS. | Xogadora | PTS. |
| Baldovedo | | **Marina** | 2 |
| Rilo | | **Candela D.** | 3 |
| Brañas | | **Cayetana** | 1 |
| Lorenzo | | **Sara** | |
| Rey | | **Candela B.** | |
| Fernández | | **Alicia** | |
| Vázquez | | **Aroa** | 6 |
| Mouriño A. | | **Aurora** | |
| Mouriño | | **Carmen** | |
| | | **Celtia** | |
| | | **Antía** | |

O conxunto capitalino pasou polo mal grolo de recibir na casa ao primeiro clasificado, que conta por vitorias todos os seus encontros.

Costa Ártabra non especulou no Anexo e saíu a por todas dende o inicio, cun parcial de 12-0 tralo que Aigor Romo pediu un tempo morto. A partir de aí Ensino centrouse e conseguiu as súas primeiras canastras,

**"UN PARTIDO MUY COMPLICADO DE JUGAR ANTE UNO DE LOS FAVORITOS AL CAMPEONATO"**

AIGOR ROMO - Ensino Lugo

ao mesmo tempo que conseguía complicarlle as cousas ás visitantes nalgúns ataques, obligándoas a tiros forzados. Aínda así, o rival no baixou no seu ritmo anotador, chegándose ao descanso co encontro visto para sentenza, 49-7.

Tralo peche de marcador logo do intermedio, as ensinistas aproveitaron os tres últimos sextos para mellorar e aprender, e para preparar o derbi capitalino que as medirá a Estudiantes dentro de dúas semanas, no que será o derradeiro encontro desta primeira fase da competición.


Aigor Romo dando instruccións ás súas xogadoras

**1**

**XORNADA DE DESCANSO**

A próxima fin de semana non haberá competición Minibasket masculina nin feminina. A derradeira xornada desta primeira fase xogarase o 9 e o 10 de Febreiro

**1**

**DERBI CAPITALINO**

A primeira fase da competición feminina pecharase co duelo entre Ensino e Estudiantes, sen nada en xogo a nivel clasificatorio. Na ida, as celestes impuxéranse 65-14

**9**

**TRIUNFOS**

Maristas, líder na categoría masculina, ten asegurada a primeira praza e conta por vitorias todos os seus encontros. De gañar na última xornada a Ribadeo selaría unha fase perfecta

**54-51**

**AO FINAL DO 5º SEXTO**

